



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
VENTOSELA
20 DE SETEMBRO DE 2013

ORDE DO DÍA

1.- Orzamentos participativos

Na Asociación Cultural e Deportiva Miñoteira de Ventosela, sendo as vinte e unha horas do día vinte de setembro de dous mil trece, previa convocatoria, reuníronse as/os seguinte integrantes:

- José Manuel Alonso Estévez, representante do grupo municipal PP
- Martín Rodríguez Alves, representante do grupo municipal PS de G - PSOE
- Anxo Lusquiños López, representante do grupo municipal BNG
- Jorge Varela Couñago, representante do grupo municipal AER
- Félix Cal Cortizas, representante das asociacións de veciños
- Domitila Couñago Iglesias, representante das asociacións de veciños
- Moisés Rodríguez Fernández, representante da comunidade de Montes
- Fernanda Casqueiro Nogueira, representante das asociacións culturais
- Celso Darroza Freire, representante das asociacións deportivas
- María José Casqueiro Amoedo, representante das asociacións nais/pais
- Bernardo Freire Míguez, representante das comunidades de augas
- María Mar Mariño Alfonso, representante das asociacións de mulleres

Todas/os elas/es baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS, asistidos de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza extraordinaria do Consello Parroquial de Ventosela convocada para o día de hoxe.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión e Consello Parroquial de Ventosela, sendo as vinte horas e corenta minutos do día indicado no encabezamento.

1.- Orzamentos participativos

Félix Cal Cortizas informa que mantivo unha xuntanza con varios colectivos da parroquia, antes da celebración desta xuntanza, para a elección das obras nas que investir os orzamentos participativos de acordo cos sectores indicados polo Concello:



CONCELLO DE REDONDEIRA

- Tráfico e estacionamento. Colocación de sinal no cruce das Agrelas entre o Centro Cultural e Aldeas Infantis no que se indique a entrada do Centro Social e Parque A Miñoteira.
- Vías públicas. Colocación de marquesiña na Estrada da Castiñeira. Colocación de beirarrúa no Centro Social. Instalación de porterías no campo de fútbol. Colocación de zaborra no parque biosaudable. Colocación de varandas protectoras nos seguintes lugares:
 - Entre o límite de Ventosela e Cesantes.
 - No parque biosaudable.
 - No cruce do Camiño da Caramboleira e o Camiño da Patela (achéganse fotografías).
 - Pintado da varanda das Toxeiras.
- Abastecemento e saneamento. Limpeza das fontes da Caramboleira e das Toxeiras. Canalización de augas nas seguintes zonas:
 - No camiño das Toxeiras na zona que linda co monte
 - Na zona do Centro Social

A ANPA pediulle que solicitara a colocación dun soporte no teito para un proxector e a subministración dunha impresora.

Domitila Couñago Iglesias informa que as preferencias que recolleu o seu colectivo son:

- Recollida de augas plubias na Baixada de Raíns e na Estrada de Vilar do Mato á altura do número 121.
- No Camiño da Patela a estrada está fundida e hai un pequeno regato que leva a rebouza polo que se necesita un muro de contención.
- Reposición de arquetas de sumidoiros.

As/os membros do Consello Parroquial de Ventosela por unanimidade deciden que os orzamentos participativos da parroquia sexan destinados aos seguintes investimentos coa orde de prioridade que se indica:

1.- Canalización de augas nos seguintes lugares:

- Camiño das Toxeiras
- Baixada de Raíns
- Estrada de Vilar á altura do número 121

2.- Colocación de varandas nos seguintes lugares:

- Límite entre Ventosela e Cesantes
- No cruce do Camiño da Caramboleira co Camiño da Patela



CONCELLO DE REDONDELA

- No parque biosaudable
- Pintado da varanda na zona das Toxeiras

Por unanimidade das/os membros do Consello Parroquial de Ventosela deciden que os ozamentos dos diferentes investimentos serán solicitados polas/os membros do Consello Parroquial, sendo o Concello o que facilite o nome das empresas coas que normalmente se fan estes traballos.

Acórdase que Jorge Varela Couñago sexa o contacto para que o Concello facilite por correo electrónico o nome das empresas.

Acórdase que o Concello (preferiblemente o Concelleiro de Vías e Obras) contacte cun veciño chamado Antonio con teléfono 637 028 652 para ver a canalización de zona das Toxeiras e con Bernardo Freire Míguez para as outras dúas.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.